

# O ganso salvaxe



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2020.



Irmás Cartoné, 2021

Título orixinal: *Gan*

Tradución do xaponés: Gabriel Álvarez Martínez

Deseño de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-121470-2-5

Dep. Legal: C 833-2021



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, o tradutor e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.





MORI ŌGAI

# O ganso salvaxe


*Tradución de Gabriel Álvarez Martínez*







  
**ZONA DE TOQUIO**  
 ONDE DECORRE A HISTORIA  

- |                             |                                 |                            |
|-----------------------------|---------------------------------|----------------------------|
| 1. Parque de Ueno           | 11. Ike-no-hata Nakachō         | 21. Yushima Kiridōshi      |
| 2. Zoológico                | 12. Yushima Tenjin 3-chōme      | 22. Faculdade de medicina  |
| 3. Tōshōgū                  | 13. Onarimichi                  | 23. Cancela                |
| 4. Río Aisome               | 14. Shitaya Kayachō 2-chōme     | 24. Hongō                  |
| 5. Ike-no-hata Shichikenchō | 15. Shitaya Kayachō 1-chōme     | 25. Toyokuniya             |
| 6. Estanque de Shinobazu    | 16. Yushima Tenjin 1-chōme      | 26. Templo Karatachi       |
| 7. Benten                   | 17. Yushima Tenjin 2-chōme      | 27. Hospital universitario |
| 8. Matsugen                 | 18. Santuario de Yushima Tenjin | 28. Pensión Kamijō         |
| 9. Rengyoku                 | <b>19. Muenzaka</b>             |                            |
| 10. Ueno-Hirokōji           | 20. Mansión Iwasaki             |                            |



Esta é unha historia xa vella. Lembro por casualidade que ocorreu no ano trece da era Meiji<sup>1</sup>. Se me acordo con exactitude é porque daquela eu vivía porta con porta co seu protagonista nunha pensión chamada Kamijō, situada xusto en fronte da cancela da Universidade de Toquio. No ano catorce, un incendio declarado no propio inmóbel queimouno, e eu fun un dos damnificados. De aí que lembre que ocorreu o ano anterior.

Na Kamijō só se hospedaban, polo xeral, estudantes da facultade de medicina, á parte dalgún paciente que acudía ao hospital universitario. En todas as pensións adoita haber un personaxe que se impón sobre os demais; en xeral, un cliente abastado e con certa agudeza que nunca esquece dirixirse á dona cada vez que pasa polo corredor e a ve sentada diante do *hako-hibachi*<sup>2</sup>. Que ás veces se agacha en fronte do braseiro para botar un conto con ela. Que cando se xunta con outros no seu cuarto para beber e lle pide que

---

1 N. do T.: Ano de 1880. (*Todas as notas son do tradutor.*)

2 Literalmente, «caixa braseiro». Móbel consistente nunha gran caixa de madeira que ten no medio un braseiro cuadrangular. Pode ter gabetas pequenas para gardar cousas, como té, petiscos ou alga *nori*.

lles prepare petiscos, aínda que pareza estar a abusar da súa confianza e causarlle molestias, en realidade o que fai é darlle ganancia. É habitual que os homes desa índole gocen de respecto e se sirvan del para facer e desfacer. Mais o meu veciño, que se impuxera na Kamijō, era de moi diferente natureza.

Chamábase Okada e era dun curso inferior ao meu, de modo que non lle faltaba moito para graduarse. A fin de explicar que clase de persoa era, hei de comezar pola característica máis notoria: era un home ben parecido. Non un deses pálidos e esguíos. Tiña boa cor e era de complexión forte. Nunca vin home cun rostro como o seu. Se tivese que comparalo con alguén, sería con Bizan Kawakami<sup>3</sup> nos seus anos de xuventude, con quen moito despois gardei unha relación próxima. Falo do literato que ao final caeu en desgraza e acabou os seus días de maneira trágica. Na súa mocidade arremedaba un pouco a Okada, se ben o físico deste, practicante de remo, superaba de lonxe o de Kawakami.

As faccións son para o seu dono unha carta de recomendación perante calquera. Mais non abundan para se impor nunha pensión. No que ao seu talante respecta, hei de dicir que naquela época eu coidaba que poucos estudantes levaban unha vida tan ordenada como a súa. Non era o alumno aplicado que cobiza a matrícula de honra e pelexa pola nota máis alta nos exames semestrais. Facía o xusto ben feito e, até entón, progresara sen baixar nunca da media. Cando tocaba divertirse, non deixaba pasar a ocasión. Despois da cea sempre ía dar un paseo e regresaba de forma imperiosa

---

<sup>3</sup> Afamado escritor e poeta da era Meiji nado en 1869 que se suicidou en 1908.

antes das dez. Aos domingos, practicaba remo ou ben ía de excursión. Xamais variaban as horas en que estaba no seu cuarto e aquelas que pasaba fóra, salvo cando, na véspera dunha regata, paraba a durmir cos seus colegas en Mukōjima ou cando regresaba á súa vila polas vacacións estivais. Se alguén se esquecía de axustar o reloxo polo canonazo do mediodía<sup>4</sup>, ía ao cuarto de Okada para lle preguntar a hora. De cando en vez, o reloxo da recepción tamén se puña a punto conforme ao seu reloxo de bolso. Canto máis observaban a súa conduta as persoas que o rodeaban, con máis forza sentían que era un home de confianza. Esa mesma fiúza explicaba que a dona da Kamijō comezase a dedicarlle gabanzas, cando el nin lle dicía galanterías nin era un perdulario. É escusado dicir que o feito de que pagase o alugueiro en tempo e forma todos os meses tamén axudaba.

A frase: «Reparen no señor Okada!» saía a miúdo da boca da muller. «Total eu nunca vou ser coma el!», anticipábaselle algún estudante.

E así foi como Okada pasou a ser o modelo de hóspede ideal da Kamijō.

O seu paseo diario discorría en xeral polo mesmo traxecto: baixaba pola solitaria costa de Muenzaka, xiraba cara ao norte do estanque de Shinobazu, onde afluían as augas negras como o *ohaguro*<sup>5</sup> do río Aisome, e deambulaba polo

---

4 Tiro de canón que se facía desde o recinto do palacio imperial para anunciar o mediodía. Instaurouno o Ministerio de Asuntos Militares en 1871 e durou até 1929.

5 Líquido de cor negra usado para tinxir os dentes, unha antiquísima moda mencionada xa no *Genji monogatari* (s. XI) e practicada sobre todo por mulleres.

outeiro de Ueno. Seguidamente collía por Hirokōji, onde estaban as casas de comidas Matsugen e Gan'nabe, camiñaba pola angosta e concorrida Nakachō, entraba no recinto do santuario Yushima Tenjin e regresaba dobrando as lúgubres esquinas do templo Karatachi. Tamén se daba que xirase á dereita en Nakachō e volvese por Muenzaka. Esa era unha ruta. En certas ocasións, atallaba polo medio da universidade e saía por Akamon, o portal vermello. Como fechaban cedo a cancela, pasaba pola porta destinada á entrada e saída de pacientes. Posteriormente eliminárona e construíron unha nova cancela negra que daba a Harukichō. Ao deixar atrás Akamon, tomaba a avenida Hongō, pasaba por diante dun local onde preparaban *mochi*<sup>6</sup> de paínzo armando un espectáculo á vista da xente e entraba no recinto do santuario Kanda Myōjin. Entón baixaba pola ponte Megane, aínda nova daquela, e paseaba un anaco por diante da ringleira de casas, aliñadas todas na mesma beira da rúa, de Yanagiwara. Despois regresaba polo Onarimichi, atravesaba algunha das estreitas ruelas do lado oeste e ía dar ao templo Karatachi. Esa era a outra ruta. Rara vez ía por un camiño distinto.

Durante os paseos, Okada non facía outra cousa que non fose visitar aquí e alá as librarías de segunda man. Aínda restan tres daquela época en Ueno-Hirokōji e Nakachō. As do Onarimichi continúan tamén abertas, mais as de Yanagiwara fecharon. En Hongō mudaron case todas de lugar e de dono. Se Okada raramente xiraba á dereita ao saír de Akamon era, á parte de por que Morikawachō era unha

---

6 Boliñas de arroz glutinoso que se moe nun pío grande de madeira cunha maza.

rúa moi estreita e estaba ategada, porque no lado oeste só había unha librería de vello.

Okada visitaba as librarías porque tiña o que agora se chama «afección literaria». Mais como daquela aínda non aparecera a nova narrativa nin as novas pezas teatrais e, no campo da lírica, non naceran os *haiku* de Kyōshi nin os *waka* de Tekkan<sup>7</sup>, todo o mundo lía revistas como a *Kagetsu shinshi*, impresa en papel chinés, ou a *Keirin isshi*, en papel branco, e o que se levaba eran os poemas de inspiración chinesa ao estilo *kōren*<sup>8</sup> de Kainan e Mukō<sup>9</sup>. Lémbrome porque eu tamén era afeccionado á *Kagetsu shinshi*. As traducións de novelas occidentais comezaron a publicarse nesa revista. Penso que foi Kanda Kōhei<sup>10</sup> quen traduciu a un estilo de lingua oral aquela historia do universitario occidental que era asasinado de regreso á súa terra. Esa foi a primeira vez na miña vida que lin unha novela occidental. Dada a época, a afección literaria de Okada reducíase a ler con curiosidade obras en que os especialistas en literatura chinesa plasmaban os máis recentes acontecementos sociais ao estilo da antiga prosa e poesía chinesa.

---

7 Kyoshi Takahama (1874-1959), poeta e samurai da era Shōwa e Tekkan Yosano (1873-1935), pseudónimo de Yosano Hiroshi, poeta e marido da tamén famosa escritora Akiko Yosano (1878-1942).

8 Nome da antoloxía de poemas do autor chinés Han Wo (842/844-923), sobre figuras femininas e relacións amorosas.

9 Kainan Mori (1863-1911) e Mukō Ue (1851-1937), ambos autores de poesía ao estilo chinés.

10 Nome artístico de Kanda Takahira (1830-1898), académico, pensador e político. Traduciu dous relatos sobre crimes do autor holandés Jan Bastiaan Christemeijer (1794-1872): «De jonker van Roderijcke» e «De blaauwe ruiters en zijn huisgezin».

Eu, como non era moi sociábel, non falaba con ninguén non sendo por causa de forza maior, nin sequera coa xente que adoitaba topar no recinto da universidade. Era ben raro que tirase a gorra mesmo para saudar os estudantes que vivían na mesma fonda. Con Okada intimei por mor das librarías de vello. Os itinerarios polos que eu paseaba non eran fixos como os seus, mais tiña boas pernas e cando camiñaba de Hongō para Shitaya e Kanda, se topaba algunha librería, sempre paraba a botar un ollo. Nesas ocasións, coincidía a miúdo con Okada diante do comercio. Comezamos a levarnos porque un dos dous dixo: «Moito nos topamos nas librarías, non?».

Na esquina que hai ao fondo da costa que pasa por diante de Kanda Myōjin, había nesa época un negocio que expuña os libros de segunda man nuns bancos dispostos en forma de L. Certo día topei un exemplar do *Jin Ping Mei*<sup>11</sup> que trouxeran da China e, cando lle preguntei polo prezo ao libreiro, díxome que eran sete iens. Ao pedirlle que mo rebaixase a cinco, respondeu: «Hai un pouco o señor Okada díxome que mo compraba se llo deixaba por seis iens e non aceptei». Como entón tiña cartos, merqueillo polo prezo que me indicara. Pasados dous ou tres días, topei a Okada e díxome:

—Serás ruín! Compraches o *Jin Ping Mei* ao que lle tiña botado o ollo!

---

11 *A ameixeira no vaso de ouro*, unha das catro grandes novelas clásicas da literatura chinesa. Publicada no inicio do século XVII (finais da dinastía Ming) e asinada co pseudónimo Lanling Xiaoxiao Sheng, cuxa identidade real se descoñece. A historia xira ao redor de tres mulleres e ten un marcado compoñente erótico.

*O ganso salvaxe*

—Xa. O libreiro díxome que lle regateaches pero que non chegastes a un acordo. Se o queres, doucho.

—Non, home! Vivimos ao lado, xa mo emprestarás cando o leas.

Eu aceptei de boa gana. E así foi como Okada e mais eu, que durante moito tempo vivimos porta con porta sen nos relacionar, comezamos a frecuentarnos.







ESTE LIBRO ENTROU NO  
PRELO O I DE XUÑO  
DE 2021

